

Completa os ocos con *b* ou *v*, segundo conveña.

Alí onde hai riqueza material no solo, haberá conflito. E máis se esa riqueza do solo atópase en países en ___ieiros de desenvolvemento, con leis e regulamentos febles. Ou sexa, se os galegos case esti___emos a piques de sufrir a impunidade das grandes mineiras que extraen ouro a base de contaminar ríos e chans con cianuro, que non acontecerá en África central con minerais como o coltan, empregado para a fabricación de telefonía mó___il, portátiles e outros dispositivos electrónicos

(...) O coltan foi até hai ben pouco un material case descoñecido, pero nos últimos anos con___erteuse nunha especie de novo ouro negro no continente africano. Trátase dun mineral que se emprega moito na fabricación de aparellos TIC, e dáse a circunstancia de que a gran maioría dos xacementos atópanse na zona leste da República Democrática do Congo. Como era de agardar, a súa extracción está a pro___ocar grandes problemas políticos,

problemas sociais (traballo infantil, explotación da muller, etc.) e ambientais, afectando aos ecosistemas africanos e, de maneira importante, á extinción dos primates.

En boa medida e como adoita acontecer sempre, o mundo occidental é culpable e responsable desta situación, dende as grandes corporacións do sector que fan pouco ou nada por fixar unha extracción racional (asegurándose por exemplo de ter produtores de acreditadas boas prácticas) até os usuarios de dispositivos, nós mesmos, que case nunca ou nunca nos preguntamos de onde veñen os materiais dos aparellos que usamos e a onde volven cando xa non os queremos (ás veces volven casualmente a África, agravando os seus xa grandes problemas de contaminación e destrución ambiental).